




FERVENZAS DE FORCAREI

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Forcarei-Chamosa: 1,7 km
Forcarei-San Miguel de Presqueiras: 12 km
Forcarei-A Graña: 10 km
A pé: 6 km

Dificultade: alta
Duración: 4 horas



Un percorrido por varias fervezas no concello de Forcarei, nas nacentes do río Deza e en varios afluentes do río Lérez.






1-Chamosa

En Chamosa (Forcarei). Unha ferveza en varios saltos nun rego que cae ao Sorribas, afluente do Lérez.

COMO CHEGAR

Desde Forcarei achegámonos a Sorribas e desde alí collemos un camiño que se achega ata a parte de abaixo da ferveza (800 m). O acceso á parte alta, onde están os saltos máis grandes, é imposible, a non se por dentro do río. Hai unha boa vista de conxunto desde Forcarei, mellor na primavera, cando leva máis auga.





2-Presqueiras

No río Carballas ou Bidueiro, afluente do río do Castro (Lérez). Na parroquia de San Miguel de Presqueiras (Forcarei). Este pequeno río baixa da vertente norte da serra do Cando e ten un percorrido cheo de rápidos, saltos e canóns. O salto máis grande cae nun canón de xistos encaixado entre paredes verticais de 10 m de altura.

COMO CHEGAR:

Desde Forcarei váise á estrada Pontevedra-Ourense e de alí a San Miguel de Presqueiras. Pásase a aldea e séguese en dirección a Cerdedo ata cruzar o río. Da ponte para abaixo xa aparecen as primeiras fervezas ás que se accede baixando polo terraplén. Máis adiante, pasado o cruce que sube ao parque eólico cóllese unha pista de terra á dereita e nela a primeira desviación á dereita que remata nuns piñeiros. Desde alí báixase ao río por un terreo moi pendente e chégase á parte alta da ferveza. Para ir á poza e á parte baixa hai que xogarse o tipo. Tamén se podería tentar desde o outro lado do val.



3- Freixa da Graña



Na parroquia de Santa María Madanela no concello de Forcarei, no río da Veiga de Abaixo ou Porto, unha das cabeceiras do Deza que nace nos montes do Testeiro. O río cae nun salto (A Freixa) en paredes verticais de lousas duns 15 m de altura. A forma curva da parede dalle á ferverza unha amplitude que a fai moi vistosa. Río Arriba hai un encoro que alimentaba unha fábrica de luz hoxe desaparecida.

COMO CHEGAR:

Pasado Soutelo cóllese a estrada que vai a Trasdомonte e séguese en dirección a Braña onde se deixa o coche. Crúzase a aldea e vaise baixando cara ao río seguindo o camiño que vai polas leiras. Ao chegar ao encoro séguese río abaixo e chégase á parte alta da ferverza. Para vela desde abaixo hai que seguir avanzando polo monte e baixar polos terrapléns. Pódense ter como referencia os cables de alta tensión.



Ferverza nun rego afluente do Porto.

